

# AXENDA 21 LOCAL DE REDONDELA



---

FASE I - AUDITORÍA

DOCUMENTO DE SÍNTESIS

---



# INDICE

<b>1. O PROXECTO DE IMPLANTACIÓN DA AXENDA 21</b> .....	3
1.1. ANTECEDENTES .....	3
1.2. AS FASES DA AXENDA 21 .....	4
<b>2. A PREDIAGNOSE</b> .....	7
<b>3. A DIAGNOSE</b> .....	12
<b>4. CONCLUSIÓNS DA AUDITORÍA</b> .....	15
4.1 ASPECTOS SOCIOCULTURAIS Y ESTRUCTURAIS .....	16
4.1.1 Organización e xestión do municipio, e o papel da cidadanía.....	16
4.1.2 Servizos .....	17
4.1.3 Cultura e patrimonio .....	17
4.1.4 Vivenda.....	18
4.1.5 Transporte.....	18
4.2 ECONOMÍA.....	20
4.2.1 Situación xeográfica .....	20
4.2.2 Pesca e marisqueo.....	20
4.2.3 Industria .....	19
4.2.4 Turismo.....	19
4.2.5 Emprego .....	22
4.3 ASPECTOS AMBIENTAIS .....	23
4.3.1 Residuos y reciclaxe .....	23
4.3.2 Saneamento.....	23
4.3.3 Enerxía.....	23
4.3.4 Urbanismo e usos do solo .....	24
4.3.5 Terreo agrícola.....	<b>¡Error! Marcador no definido.</b>
4.3.6 Montes .....	<b>¡Error! Marcador no definido.</b>
4.3.7 Ríos.....	<b>¡Error! Marcador no definido.</b>
4.3.8 A costa e ría .....	<b>¡Error! Marcador no definido.</b>
<b>5. PRIORIDADES E ÁREAS TEMÁTICAS</b> .....	30



# 1. O PROXECTO DE IMPLANTACIÓN DA AXENDA 21

## 1.1. ANTECEDENTES

A Axenda 21 é un plan de acción das Nacións Unidas para un desenvolvemento sustentábel no século XXI, aprobado por 173 gobernos na Conferencia sobre Medio Ambiente e Desenvolvemento que tivo lugar en Río de Xaneiro en 1992.

A Axenda Local 21 é un proceso que van implantar e desenvolver as entidades locais e que se basea na integración das políticas ambientais, económicas e sociais do concello a través da elaboración e aplicación dun plan de acción local.

Sumarse a esta iniciativa supón, xa que logo, o compromiso municipal de estimular o desenvolvemento de medidas encamiñadas a facer compatíbeis a conservación do medio co desenvolvemento social e económico do propio concello. Supón ademais facelo dun xeito estruturado e planificado, o que implica unha actuación transversal coa participación da totalidade das áreas da Administración local.

A Axenda 21 Local é un proceso aberto e creativo que cada concello define baseándose na súa realidade e condicionantes.

### ***A Carta de Aalborg***

A carta das cidades europeas cara a sustentabilidade (Carta de Aalborg) foi asinada por 80 autoridades locais tras a clausura da Conferencia Europea sobre Cidades e Poboacións Sustentábeis que tivo lugar en Aalborg (Dinamarca) entre o 24 e 27 de maio de 1994.

Mediante a sinatura do compromiso de adhesión á Carta de Aalborg (acordo plenario do 15 de marzo de 2004) o concello de Redondela realiza unha declaración de intencións e de compromiso coa Axenda 21 Local e outros procesos de bosquejo para o desenvolvemento sustentábel e adhírese á Campaña Europea de Cidades e Pobos Sustentábeis.

Na conferencia de Aalborg establecéronse as bases para fixar os principais requisitos da sustentabilidade para as cidades e pobos europeos. A Axenda 21 debe recoller estes requisitos e traducilos en plans e accións concretos.

Os principios fundamentais que deben inspirar a Axenda 21 son:



- Integración dos obxectivos de desenvolvemento sustentábel na Administración local, as súas políticas e actividades de xestión.
- Sensibilización e educación en temas ambientais e en desenvolvemento sustentábel.
- Acceso público á información ambiental.
- Participación e consultas públicas.
- Colaboración con empresas, ONG, cidades irmáns, etc.
- Medición, seguimento e presentación de informes sobre os avances cara á sustentabilidade.

## **Obxectivos da Axenda 21**

A Axenda 21 ten coma finalidade os seguintes obxectivos:

- O uso eficiente dos recursos e a minimización da xeración de residuos, así como a redución da contaminación e a garantía de calidade no medio (auga, atmosfera e solo).
- Manter a diversidade ecolóxica.
- Minimizar o consumo de recursos non renovábeis e substituílos cando se poida por recursos renovábeis.
- Na medida do posíbel, os problemas que xorden no ámbito local cómpre resolvelos no mesmo ámbito.
- Garantir o acceso a un traballo digno e unha economía diversificada e non agresiva co medio.
- Promover a igualdade e a xustiza social e que todos teñan acceso á cultura, ao lecer e á recreación.
- Traballar por un medio limpo, seguro e agradábel e por mellorar o contorno no medio urbano.
- Fomentar a sensibilización, educación e participación dos axentes sociais en temas de ambiente e desenvolvemento sustentábel.

A pesar de que a elaboración da Axenda 21 Local é un proceso aberto e creativo, as diferenzas entre as fases que se establecen no proceso para cada axenda son máis ben cativas. As semellanzas son aínda maiores entre as axendas iniciadas en Galicia onde se adoita seguir a xa clásica estrutura de catro fases; a mesma que se desenvolveu para realizar a de Redondela:

## **1.2 AS FASES DA AXENDA 21**

### **1.2.1 Auditoría**

Constitúe a primeira fase do proceso de implantación da Axenda 21 e consiste na descrición da situación económica, social e ambiental do concello. Conta coa participación cidadá, xa que se utilizan diversas metodoloxías sociolóxicas para valorar



a percepción que os cidadáns, tanto a título individual como asociados en colectivos representativos, teñen da situación do seu concello.

A auditoría consta de:

- Unha **prediagnose** que consiste na realización de enquisas, reunións, entrevistas, etc. á poboación co fin de coñecer a percepción da sociedade redondelá sobre a situación ambiental, social e económica do seu concello ao tempo que se motiva na participación.
- Unha **diagnose** que consiste nun traballo de recompilación e análise de información obxectiva e datos oficiais.
- Un **documento de síntese**, que consiste nun resumo da información recollida para poder sacar conclusións sobre o estado real do concello (puntos fortes e febles, oportunidades, ameazas, problemas urxentes, etc.).

Deste xeito contarase con información para propor na seguinte fase os obxectivos que se deberán cumprir para acadar un desenvolvemento sustentábel, así como para coñecer a gravidade dos problemas, o que axudará tamén nas fases posteriores á priorización da consecución de obxectivos.

### **1.2.2 Plan de Participación**

A participación cidadá é un elemento fundamental para o desenvolvemento da Axenda 21. A implicación dos diferentes sectores fornecerá a información e perspectivas precisas para garantir ao máximo potenciais actuacións no marco da Axenda 21 e axudará á concienciación progresiva dos diferentes axentes socioeconómicos, estruturais e ambientais, na medida en que se configuran como partícipes do obxectivo común.

O valor da participación cidadá na Axenda 21 reflíctese nos seguintes aspectos:

- Incorporación da opinión do cidadán na elaboración da auditoría municipal.
- Implicación do público na definición do futuro do concello.
- Motivación para a execución das propostas de actuación concretas e o posterior seguimento e control dos resultados obtidos.

### **1.2.3 Plan de Acción**

O Plan de Acción Local establécese a partir das conclusións e recomendacións presentadas nos documentos anteriores (prediagnose e diagnose).

É unha ferramenta que nos permite executar, dunha maneira coherente e sustentábel, as actuacións dirixidas á mellora do medio.

O Plan de Acción Local componse dos seguintes elementos:



- As liñas estratéxicas que son os grandes eixes previsíbeis para a mellora local e a progresión cara a un modelo de desenvolvemento sustentábel. Deben reflectir a política social, económica e ambiental que rexe a entidade local.
- Un programa de actuación que responda a cada un dos diversos obxectivos que pretende acadar cada liña estratéxica, ademais agrupa distintas accións cun denominador común.
- Os proxectos, que son aqueles traballos e actuacións concretas que se poden realizar para resolver as carencias e incidencias visualizadas durante a elaboración da auditoría.

Unha vez que estean consensuadas e priorizadas as liñas estratéxicas que rexerán o Plan de Acción é preciso crear grupos de traballo arredor de cada unha destas liñas. Estes órganos, en principio, van ser as comisións temáticas; aínda que en función do grao de participación poderase crear un Consello da Axenda 21 no que estean representados todos os colectivos do concello.

Executado o Plan de Acción Local, o Concello de Redondela elaborará un documento no que se recollan os resultados obtidos e as actuacións máis relevantes. A súa finalidade principal é informar a poboación en xeral e a outras administracións. Este documento denomínase: declaración ambiental.

#### **1.2.4 Plan de Seguimento**

O Plan de Seguimento permite avaliar, controlar e informar da evolución da calidade dos factores ambientais, sociais e económicos e das actuacións que se están a levar a cabo para mellorar o concello. Para isto elaboraranse unha serie de indicadores e crearase un órgano encargado do seguimento do Plan de Acción (que poderá ser o mencionado Consello da Axenda 21 ou cada unha das comisións temáticas).

Ademais, o feito de que a Axenda 21 sexa un proxecto permanente permitirá utilizar os resultados obtidos na avaliación do Plan de Acción Local (grao de execución dos proxectos e de cumprimento dos obxectivos) como base para a elaboración de novos programas de actuación e proxectos, sempre contando coa participación cidadá como elemento fundamental do proceso.





## 2. A PREDIAGNOSE

A prediagnose é a parte cualitativa da auditoría —un resumo das opinións dos redondeláns sobre o estado actual do concello no contexto do desenvolvemento sustentábel, e as prioridades para o futuro—. Pretende ser representativa de todos os sectores da poboación de Redondela. Ten dous fins:

1. Axudar na identificación das áreas prioritarias para o Plan de Acción.
2. Contribuír información de base sobre o nivel de concienciación, o estilo de vida e o nivel de participación da xente ao inicio do proceso, para logo poder facer un seguimento do proceso de A21 e medir a súa efectividade.

Os métodos de consulta foron os seguintes:

### 2.1 *Presentación pública*

176 colectivos foron convidados para a presentación pública do proxecto, que se realizou o día 6 de novembro de 2004. Asistiron unhas 20 persoas que representaban a 10 colectivos, máis outras 6 que o fixeron no ámbito particular.

Amais, organizouse unha rolda de prensa —que foi recollida no xornal *Faro de Vigo* e na *Radio Redondela*— o día 4 de novembro para informar do acto e para presentar a campaña dos trípticos. Tamén se creou a páxina [www.redondela21.com](http://www.redondela21.com) para recoller as suxestións dos redondeláns e para fornecer información xeral do proceso da Axenda 21 e sobre calquera actuación ou convocatoria que se fora levar a cabo.

### 2.2 *Trípticos informativos con enquisa*

Como ‘primeira liña’ da consulta, editáronse 4.000 trípticos informativos sobre a Axenda 21 en Redondela. Tiñan o fin de chegar a cantas máis persoas posibles, con estes dous obxectivos:

1. A través da información xeral, informar a gran parte do público, de forma breve e sinxela, o obxectivo e proceso de Axenda 21, e o papel da cidadanía na súa realización.
2. A través dunha enquisa sinxela conseguir información xeral sobre as percepcións do estado ambiental e socioeconómico de Redondela, e as áreas prioritarias nas que debería enfocarse o Plan de Acción da Axenda.





En cada caso, este ‘primeiro contacto’ era de forma bastante breve e pouco detallado. Así a información mantíñase accesible á maioría da xente, e aseguraban que o primeiro paso de participación non esixise un gran compromiso de tempo; persoas interesadas en participar de forma máis profunda ou detallada terían oportunidades de facelo noutras partes do proxecto.

Ao ter participación libre, non podía ser estruturado para asegurar unha representación demográfica da poboación de Redondela, aínda que para facilitar a análise se pediu información sobre a idade, xénero, ocupación e residencia dos participantes. As enquisas foron repartidas, xunto con caixas de correos para depositalas, unha vez cubertas, en 24 localidades distintas, distribuídas por todo o concello e con, polo menos, un en cada parroquia. Os locais foron escollidos para intentar acceder a unha distribución igualada da poboación do concello, tanto xeográfico como sociocultural e demográfico.

Un total de 219 enquisas foron cubertas.

### **2.3 Actividades consultativas**

Ao principio da prediagnose, mozos de 13 a 20 anos foron identificados como o grupo demográfico que probablemente menos participaría nas enquisas e en Axenda 21 en xeral. Ao mesmo tempo foron recoñecidos como un grupo importantísimo para enganchar no proceso, sendo como son a próxima xeración de traballadores, políticos e administradores para o concello. Para promover a súa participación organizouse a seguinte actividade en dous institutos do concello no mes de decembro 2004, cun total de 330 participantes de 12 a 22 anos.

A mesma actividade ofrecéuselle tamén ao público xeral en febreiro 2005, no palco da alameda de Redondela, durante o horario da feira. Isto fíxose co motivo principal de lle dar unha oportunidade a calquera cidadán/á para contribuír máis información e ideas que fora posible na enquisa soa, e de lle ofrecer a calquera cidadán/á outra forma de participar distinta ás enquisas. Participaron sobre 60 persoas, de todas as idades.

As actividades consistiron en dúas partes: primeiro nunha pequena charla introdutoria (en grupos de 30 alumnos á vez nos institutos, un a un na actividade pública), sobre o concepto de desenvolvemento sustentábel e as características do proceso da Axenda 21 de Redondela. Logo, na segunda parte, en grupos reducidos (de 6 a 8 rapaces nos institutos, e 1 ou 2 á vez na alameda), asistido por un monitor, traballouse en estudar os temas de ‘medio natural’, ‘medio urbano’, ‘a calidade de vida’ e ‘a economía’ no contexto do Concello de Redondela. En cada tema, identificaban os puntos fortes e débiles da situación actual, dende o seu punto de vista, e logo as súas suxestións para o futuro. Cada idea ou suxestión foron colocadas, de forma anónima, nunhas táboas



grandes, e durante o curso do día as táboas ían acumulando, a través de máis de mil oitocentas ideas colocadas, unha imaxe de Redondela e as prioridades para a Axenda 21, dende o punto de vista dos seus habitantes e, sobre todo, dos seus rapaces.

## 2.5 Entrevistas

Como terceira ‘rama’ da consulta, realizouse unha serie de entrevistas con persoas ‘claves’ da sociedade redondelá. As entrevistas, normalmente de un a un e dunha a dúas horas de duración cada una, permitían unha análise dos temas de Axenda 21 moito máis profunda que nas enquisas ou outras actividades. Recoñecendo o maior peso que isto significaba para as opinións das persoas entrevistadas, a listaxe das 25 persoas para entrevistar foi seleccionada dunha forma estruturada para asegurar que fora o máis representativa posible de todos os intereses, sectores e grupos socioeconómicos e culturais da sociedade, ao mesmo tempo de incluír a moitas das persoas que estarán realmente implicadas na implantación do Plan de Acción, una vez adoptado.

As entrevistas compúñanse dunha pequena explicación sobre o obxecto desta e os conceptos de Axenda 21 e de sustentabilidade seguidas dunha conversa individual de entre media e dúas horas. Esta conversa consistiu en encher un cuestionario que constaba de tres partes:

1. Unha análise ‘FDOA’ (determinación das **fortalezas**, **debilidades**, **oportunidades** e **ameazas**) do Concello de Redondela dende os puntos de vista económico, sociocultural e ambiental.
2. Identificación das **prioridades** para acadar un desenvolvemento sustentábel en Redondela.
3. Recoñecemento dos **grupos de poboación** (no caso de detectalos) que se atopan máis excluídos ou participan menos na vida do concello, e dos que producen un maior impacto ambiental ou a súa conduta dista máis dos obxectivos do desenvolvemento sustentábel.

En total, realizáronse 25 entrevistas coa seguinte distribución:

- 10 concelleiros/as (incluído o alcalde)
- 3 representantes de sindicatos
- 2 representantes de centros de ensino (1 dun centros e 1 das ANPA)
- 2 representantes da Federación de Asociacións de Veciños
- 2 representantes de asociacións socioculturais
- 2 representantes de asociacións solidarias e alternativas
- 1 representante de clubs deportivos
- 1 representante da Asociación de Empresarios
- 1 representante das confrarías de pescadores



- 1 representante das comunidades de montes

A sobrerrepresentación dos membros da corporación municipal (40%) xustifícase pola necesidade de contar coa opinión dos 5 grupos políticos existentes así como dos responsábeis das áreas máis directamente vinculadas coa Axenda 21: ambiente, cultura, participación cidadá, servizos sociais, etc.

Estas entrevistas rematáronse ao final do ano 2004 coincidindo co final da campaña dos trípticos.

Os resultados de cada unha das actividades consultativas publícanse no *Informe da Prediagnose*.



## 3. A DIAGNOSE

A diagnose é a parte cuantitativa da auditoría, e consiste nunha análise técnica dos datos existentes sobre o concello, no contexto do desenvolvemento sustentábel.

Foi principalmente unha recompilación de datos xa existentes. Debido ao presuposto limitado do proxecto, non houbo posibilidade de facer investigación específica ou tomar medicións de campo. Polo tanto, hai aspectos do estudo que contan con datos moito máis completos que outros, algo recoñecido como un punto débil da diagnose.

Utilizouse información das diferentes fontes dispoñibles, incluíndo principalmente a internet, publicacións doutros formatos, entrevistas e contacto directo coa Administración e outros técnicos responsables. Analizáronse os seguintes aspectos:

### **3.1 Socioeconomía**

- 3.1.1 Organización e xestión do concello
- 3.1.2 Demografía
- 3.1.3 Actividade laboral
- 3.1.4 Nivel de renda
- 3.1.5 Vivenda
- 3.1.6 Formación
- 3.1.7 Actividade empresarial
- 3.1.8 Asuntos sociais
- 3.1.9 Portos e pesca
- 3.1.10 Agricultura, gandería, e minería
- 3.1.11 Explotación forestal e monte comunal
- 3.1.12 Instalacións industriais
- 3.1.13 Servizos xerais
- 3.1.14 Servizos de transporte e vías de comunicación
- 3.1.15 Instalacións deportivas
- 3.1.16 Instalacións culturais
- 3.1.17 Turismo, hospedaxe e restauración
- 3.1.18 Servizos sanitarios
- 3.1.19 Asociacionismo
- 3.1.20 Participación política
- 3.1.21 Enerxía



### **3.2 Características ambientais**

- 3.2.1 Incidencia ambiental das actividades económicas
- 3.2.2 Comportamento social e educación ambiental
- 3.2.3 Planificación urbanística e usos do solo
- 3.2.4 Riscos ambientais e plans de emerxencia

### **3.3 Principais impactos no medio**

- 3.3.1 Augas
- 3.3.2 Residuos
- 3.3.3 Contaminación atmosférica
- 3.3.4 Ruído
- 3.3.5 Campos electromagnéticos

### **3.4 Características físicas do concello**

- 3.4.1 Climatoloxía
- 3.4.2 Xeoloxía
- 3.4.3 Litoloxía
- 3.4.4 Orografía
- 3.4.5 Edafoloxía
- 3.4.6 A paisaxe xeomorfolóxica
- 3.4.7 A xeomorfoloxía do litoral
- 3.4.8 Hidroloxía
- 3.4.9 Vexetación
- 3.4.10 Fauna
- 3.4.11 Espazos naturais
- 3.4.12 Patrimonio histórico e cultural



A análise completa de cada elemento publícanse no *Informe da diagnose*.



## 4. CONCLUSIÓNS DA AUDITORÍA

Un dos fundamentos da Axenda 21 Local é o entendemento de que non lograremos un futuro sustentábel sen implicar a cidadanía. Nos países desenvolvidos, os/as cidadáns/ás teñen cada vez máis liberdade e oportunidades para escoller o seu estilo de vida e consecuentemente o impacto ambiental das súas vidas. A súa participación e compromiso, como individuos e como sociedade, en formas de vivir que son sustentábeis é esencial.

Polo tanto, encontrar a 'fórmula' para un desenvolvemento sustentábel non se pode tratar dun simple estudo de datos: eses datos teñen que estar considerados no contexto das opinións, preferencias e suxestións da cidadanía. Con ese fin a auditoría ten unha parte, a prediagnose, baseada en opinións, e outra, a diagnose, baseada en feitos e datos técnicos. Detalles dos resultados de cada análise están publicados nos documentos *Informe da prediagnose e Informe da diagnose*.

Para que estes estudos sirvan para informar o proceso de Axenda 21, e para identificar as prioridades para a acción, a continuación considéranse as implicacións de cada estudo no contexto do desenvolvemento sustentábel. Non pretende ser unha análise completa, pero os puntos principais sobre os aspectos que saían como máis importantes da prediagnose e a diagnose. Para chegar a identificar as accións adecuadas para o Plan de Acción, cada área aquí identificada como prioritaria precisa unha análise máis a fondo e coa colaboración de todos os axentes relevantes durante a segunda fase de Axenda 21.



## 4.1 ASPECTOS SOCIOCULTURAIS E ESTRUCTURAIS

### 4.1.1 Organización e xestión do municipio, e o papel da cidadanía

#### Participación no proceso democrático

O nivel de participación política (medido por votación en eleccións) mantense cerca da media galega e por riba da media europea, e iso quizais indica que a maioría dos redondeláns seguen 'crendo' no sistema actual de organizar e xestionar o concello. Non obstante, varios aspectos da prediagnose indican unha situación máis complicada:

Nas enquisas, dos 19 aspectos da situación actual avaliados, o aspecto que se avaliaba como peor era: "¿O concello escóitase?". Máis do 60% dos participantes puntuábanos con 0 ou 1 sobre 10 (1 = moi mal; 5 = regular; 10 = excelente).

A maioría dos participantes nas consultas preocupábanse por unha sociedade cada vez menos participativa. Cambios sociais (máis persoas de fóra, máis persoas que fan a súa vida (laboral ou social) en Vigo ou Pontevedra, máis marxinalización da cultura de mozos, máis comportamento antisocial) ameazan o sentido tradicional de unidade do pobo. O funcionamento cotián da Administración e doutros organismos locais parece cada vez máis alleo ás vidas de moitos.

Nas actividades e nas entrevistas moitos querían un concello máis proactivo en incluír a todos, e que apoie iniciativas que nacen do pobo en vez de só da propia Administración, e sobre todo iniciativas de mozos. Aínda que moitas destas iniciativas poden ser sociais ou culturais máis que políticas, son relevantes; a política dun sitio parécenos moito máis relevante cando nos sentimos culturalmente e socialmente parte dese sitio.

#### Colaboración

O desenvolvemento sustentábel ten implicacións para cada aspecto da vida local, e polo tanto non se poden tratar diferentes aspectos illadamente (como, por exemplo, ambiente e economía). Nas enquisas, e sobre todo nas entrevistas, había recoñecemento diso e de que fai falta un nivel de colaboración entre concellarías moito maior que o presente. Este factor é máis importante aínda nun goberno de coalición.

O desenvolvemento sustentábel e Axenda 21 non son só unha cuestión para a Administración. As 1.600 empresas rexistradas, ademais das moitas que traballan a pesar de estar rexistradas fóra do concello, danlle influencia ao sector privado en case todas as áreas da vida local (no só en canto ao desenvolvemento económico, senón tamén, por exemplo, en servizos ambientais como recollida de lixo e limpeza, transporte público, tratamento de augas, etc.). Unha cultura de maior colaboración tamén ten que estenderse máis alá do concello, a todas as relacións entre os sectores públicos e privados.

Igual de importante, o mesmo se aplica tamén a relacións co sector voluntariado, sobre todo cando se consideran as 170 asociacións rexistradas e a súa función imprescindible





na vida sociocultural do concello, ademais das comunidades de montes e o seu control de aproximadamente a terceira parte do territorio do municipio.

### **4.1.2 Servizos**

Tanto a diagnose como a prediagnose mostraban que en xeral Redondela goza dunha dotación de servizos bastante boa, e sobre todo se se conta tamén cos servizos accesibles para redondeláns en Vigo e Pontevedra. Iso non é dicir que os redondeláns non se beneficiarían de ter máis; e algunhas suxestións como melloras ás bibliotecas, mellores instalacións deportivas e un novo auditorio tiñan bastante apoio.

A provisión de servizos parece menos adecuada cando son considerados por sección da poboación: iso opinaban os entrevistados e os que cubrían as enquisas, e iso din os datos. Non existe ningunha residencia para xente da 3ª idade, e aínda hai un centro social no centro de Redondela, é pouco accesible para os que viven nas parroquias ou na Chapela e que non dispoñen dun coche. Discapacitados psíquicos beneficianse dun centro en Trasmaño (da Xunta) e da Asociación LENDA en Redondela, pero aínda así non chegan a cubrir toda a demanda que existe. Servizos e accesibilidade xeral para discapacitados físicos están tamén considerados moi inadecuados, e moi inferior á dotación noutros países europeos.

Finalmente, aínda que existen servizos para mozos, todas as consultas da prediagnóstica opinaban que facían falta máis alternativas para eles, en vez de só bares ou a alternativa máis marxinalizada do botellón.

### **4.1.3 Cultura e patrimonio**

Redondela ten unha cultura tradicional rica, manifesta nas aínda populares festas folclóricas e gastronómicas. Nos últimos anos este aspecto da vida local diversificouse con outras actividades e festas culturais, como, por exemplo, o festival internacional de marionetas.

Ademais de beneficiar os redondeláns, considérase que o patrimonio cultural —tanto as actividades tradicionais, como a Festa da Coca, como as máis novas, como o Festival de Títeres— ofrecen un potencial para o turismo moito máis grande do que de momento está aproveitado.

As tradicións e costumes sobreviviron e creceron grazas a unha sociedade tradicionalmente moi participativa no ámbito social e cultural. Relacionado con iso, o ambiente de ‘aldea’, socialmente activo e no cal ‘todos se coñecen’, estaba celebrado en todas as partes da prediagnóstica como un punto positivo.

Non obstante, non existen garantías de que tradicións e costumes sobrevivirán no futuro só porque sobreviviron ata agora. Dentro da prediagnose, moitos se preocupaban porque existe cada vez menos participación e interese no patrimonio cultural, sobre todo entre mozos, e que actividades que tradicionalmente unían o pobo xa non o fan co mesmo efecto. Este cambio cultural tamén se ve no uso do galego: os mozos forman a sección da sociedade que menos o utilizan como primeiro idioma, con só o 15% de menores de 15 anos dicindo que o falan sempre.



Por unha parte, isto simplemente reflicte un cambio máis amplo na sociedade —fronte á globalización de cultura, moitas tradicións, idiomas e culturas pérdense ou dilúense, e Redondela non é inmune a esa ameaza.

Existía na prediagnose apoio xeral para as seguintes prioridades:

- O concello ten que traballar máis e ser máis proactivo para incluír a grupos que se están empezando a marxinalizar, para espertar e manter vivo o seu interese no seu patrimonio e na súa vida cultural.
- Unha cultura cada vez máis homoxénea non é sa e sempre deixa a algúns fóra. Ademais de manter tradicións, o concello debería apoiar iniciativas novas, e sobre todo, iniciativas de mozos e outros grupos locais.
- Máis *diversidade* de oferta de ocio —sobre todo para ofrecer unha alternativa á cultura de bares para mozos—.

#### 4.1.4 Vivenda

Con só un 7,5% de vivendas en aluguer (significativamente debaixo da media galega e moi por baixo da media europea), considérase que o acceso a unha vivenda é difícil, sobre todo para persoas sen grandes recursos económicos, e que isto representa un freo ao desenvolvemento social e económico do municipio.

Nas enquisas, máis do 50% dos participantes puntuaban ‘facilidade de conseguir unha vivenda’ con 0 ou 1 sobre 10. Tanto nas entrevistas como nas enquisas un mellor acceso a vivendas estaba considerado como unha prioridade para os próximos 10 anos.

#### 4.1.5 Transporte

A diagnose concluía que existe en Redondela un sistema de estradas bastante bo, ademais de ter enlaces con autovías accesibles. Ao mesmo tempo, considérase que o sistema de transporte público, tanto de tren como autobús, é inadecuado para un municipio coa poboación, xeografía e movemento diario que ten Redondela.

Existe unha cultura de usar o coche para a gran maioría de viaxes, de curta e longa distancia. Isto resulta conveniente, de momento, para moitos, pero prexudica as persoas sen dispoñibilidade dun coche: principalmente persoas con baixo poder adquisitivo, mozos, e persoas da 3ª idade. De todas formas, o incremento anual no uso do coche está creando problemas de tráfico que afectan a todos e que causa un impacto ambiental cada vez maior.

O exceso de tráfico estaba citado como o maior problema co medio urbano nas actividades consultativas, e melloras ao transporte público como a principal suxestión para mellorar o medio urbano. Esta idea foi apoiada, aínda que algo menos fortemente, nas entrevistas e enquisas. Conclúese que infraestrutura xa existe, pero que as prioridades principais son máis frecuencia e fiabilidade, tanto de tren como autobús, e logo explorar novas rutas e incluso novos medios (como, por exemplo, barco). Aínda que inflúe, o prezo do transporte público non se considera como a barreira máis importante que impide o seu maior uso.



A colaboración no ámbito da mancomunidade, e entre a Administración e o sector privado, é imprescindible para progresar significativamente neste tema.



## 4.2 ECONOMÍA

### 4.2.1 Situación xeográfica

A situación xeográfica de Redondela, cos seus grandes recursos naturais propios pero máis significativamente coa proximidade de Vigo e a súa poboación, a súa industria, comercio e porto, proporciónanlle a Redondela un gran potencial económico. O seu relativo éxito reflíctese nos datos demográficos, que mostran a Redondela como un dos poucos concellos galegos que tivo un crecemento continuo durante todo o século XX, moi parecido ao crecemento de Vigo.

A proximidade de Vigo é, sen dúbida, unha fortaleza económica e, mentres que Vigo segue crecendo, as indicacións son positivas para o futuro: tanto para o sector de servizos (que xa emprega o 50% dos redondeláns e máis do 75% das empresas) como para industria.

Non obstante, a outra cara dunha sobredependencia en Vigo foi recoñecida por moitos dos consultados. Economicamente, depender directamente ou indirectamente dunhas poucas empresas, e sobre todo de multinacionais (como Citroën) que toman as súas decisións baseadas na macroeconomía dun mundo globalizado, é un risco. Outra preocupación sae ao considerar o desenvolvemento sustentábel no seu contexto máis amplo, e o efecto que tería a conversión de Redondela nunha vila dormitorio na vida sociocultural de Redondela.

Percíbese un sentimento xeral entre redondeláns de querer manter independencia de Vigo ao mesmo tempo que de se beneficiar da súa proximidade. As dúas prioridades principais identificadas en cada consulta promoverían ese fin: primeiro a creación dun parque empresarial dentro do concello, e, segundo, un mellor aproveitamento do potencial turístico.

### 4.2.2 Pesca e marisqueo

A proximidade do mar sostiña a Redondela durante séculos, e segue tendo unha grande importancia para a súa economía. A pesca (de altura e baixura) e o marisqueo empregan o 6% da poboación directamente, pero teñen unha importancia moito maior cando se consideran as industrias asociadas de conxelados e conservas. Outra vez a proximidade de Vigo (o porto pesqueiro máis grande da península, e con toda a industria asociada) aumenta esta fortaleza. Parte do porto de Vigo sitúase dentro do concello de Redondela.

Cara ao futuro, o principal factor na pesca de altura pode ser o das cotas internacionais cada vez máis estritas: a consecuencia de décadas de pescar de forma insustentábel. A mesma necesidade de pescar e mariscar de forma sustentábel dentro da ría tamén se aplica, pero quizais esixirá menos cambios que na pesca de altura.



### 4.2.3 *Industria*

Existe unha gran tradición de industria en Redondela, principalmente por téxtiles. Aínda que téxtiles teñen unha importancia moi reducida no século XXI, o seu lugar está ocupado por empresas de alimentación, principalmente conxelados e conservas, e máis recentemente por empresas auxiliares da industria automóbil. Tamén a industria madeireira, química e metalúrxica teñen importancia, e, en total, a industria emprega case un terzo dos redondeláns.

Existe unha boa infraestrutura de estradas conectando a Redondela co resto de Galicia e a península. Non obstante, a falta de solo industrial e un parque empresarial significou que a industria que existe se localizou de forma bastante anárquica ao lado desas vías de comunicación. A falta dun parque industrial impide o desenvolvemento sustentábel por varios motivos:

1. As empresas existentes perden as oportunidades de maior eficiencia que ofrecen as instalacións dun parque.
2. Pola mesma razón, o concello parece moito menos atractivo para outras e novas empresas buscando unha localización na zona.
3. O impacto visual do sector industrial é moito maior ao estar disperso de forma anárquica por todo o concello. Isto afecta tanto a calidade de vida para os redondeláns como o potencial para turismo.
4. A posibilidade de controlar o tráfico xerado, algo xa identificado como un problema en varias partes do concello, é moi reducida.
5. A posibilidade de controlar outras formas de contaminación, e de crear un sistema adecuado de saneamento para residuos industriais, está tamén moito máis complicado.

Apoiado por case todos os entrevistados, e nas outras actividades consultativas, a creación dun parque industrial é, sen dúbida, unha gran prioridade para o desenvolvemento sustentábel do sector industrial en Redondela.

Moitos participantes culpaban da gran deterioración do contorno natural nas últimas décadas á industria descontrolada: debido, por unha parte, á construción de naves e fabricas en espazos naturais, e logo aos vertidos en ríos e montes, e á contaminación e recheos na ría. Se un futuro industrial para Redondela tamén vai ser un futuro sustentábel, é imprescindible que as leis de urbanización en canto ao desenvolvemento industrial están estruturadas para minimizar este tipo de degradación no futuro, e que esas leis están implantadas estritamente. Moitos dos consultados pedían castigos máis severos para empresas que causen degradación ambiental.

### 4.2.4 *Turismo*

A falta de infraestrutura está tamén citada como unha razón importante de porque Redondela é dos concellos costeiros nos que menos se desenvolveu o turismo, e o seu mellor aproveitamento está considerado como a maior oportunidade de abrir un novo



sector da economía. Como destino para vacacións de praia, o seu potencial está limitado á praia de Cesantes, que xa conta cun hotel e un cámping. Outras áreas ofrecen máis posibilidades de crecer:

1. Turismo urbano, aproveitando as festas tradicionais, folclóricas, gastronómicas e culturais, ademais do Camiño de Santiago e da zona vella. A ausencia de aloxamento para turistas (á parte do albergue para peregrinos na casa da Torre) e a escaseza de restaurantes na zona urbana limitano, de momento, principalmente, a visitas curtas de xente de vilas próximas e Vigo.
2. Turismo rural, aproveitando a paisaxe espectacular e o patrimonio cultural das parroquias e zonas rurais. Actualmente existen moi poucas casas rurais, e as posibilidades de aproveitar o potencial para sendeirismo están limitadas pola gran falta de mapas e información dispoñible. Á parte do Camiño de Santiago, existen só catro sendeiros indicados, e ningunha publicación dirixida a xente de fóra para o seu desfrute.
3. Turismo activo, aproveitando principalmente as posibilidades que ofrece a ría para o deporte acuático. Actualmente non existe ningunha instalación que ofereza participación en deporte acuático para turistas.

#### **4.2.5 Emprego**

Con case o 60% da poboación activa, Redondela sitúase en mellor estado que a media galega en canto a emprego. Non obstante, máis e mellor emprego foron identificados como a prioridade, para o futuro, máis importante nas enquisas. Nas actividades, os participantes eran algo máis específicos: existen oportunidades de emprego, pero normalmente con traballos temporais, mal pagados e con malos contratos, e, sobre todo, para mozos.

Isto quizais reflicte a dominancia do sector de servizos na economía (o recoñecemento disto pode explicar porque só o 12% dos entrevistados identificaron a industrias de servizo como unha fortaleza da economía, a pesar de que o 50% dos redondeláns e o 75% das empresas están empregadas nel). Para romper este ciclo, e crear traballos ‘dignos e de verdade’, moitos pedían que o concello fora máis activo en promover a formación, en apoiar a empresas pequenas e en fomentar emprego.

É certo que en economías dominadas polo turismo, adoitan abundar contratos temporais e soldos baixos. A pesar do obvio potencial de turismo para Redondela, este factor debe estar recoñecido.



## 4.3 ASPECTOS AMBIENTAIS

### 4.3.1 Residuos e reciclaxe

Comparado cos 10.500.000 kg aproximados de residuos sólidos que se xeran en Redondela cada ano (a maioría dos cales están incinerados con aproveitamento enerxético), os 540.000 kg de papel e cartón, plásticos, *briks*, latas, pilas e vidro que se reciclan é unha proporción lamentablemente baixa.

A Reciclaxe é o factor no que se mostraba máis discrepancia entre as percepcións do público medidas na prediagnose, e os datos da diagnose. A pesar dun nivel de reciclaxe moi inferior ao ideal, non saíu en ningunha das consultas como un punto fortemente negativo e non foi identificado como gran prioridade para o futuro.

Esta discrepancia é interesante en que quizais mostra que, á vista de moitos, a presenza dos contedores na rúa convéncenos de que estamos ‘facendo o necesario’, e permite certa compracencia. A maioría dos participantes nas enquisas opinaban que reciclarían máis se houbera máis contedores, e iso quizais é unha forma de subir niveis de reciclaxe. Non obstante, os datos mostran que os contedores que hai están relativamente pouco usados: quizais a prioridade deberían ser máis campañas de sensibilización antes de máis contedores.

### 4.3.2 Saneamento

Aproximadamente o 20% do concello está aínda sen sistema de saneamento conectado á rede e ás depuradoras municipais. Algunhas incidencias de contaminación da praia de Cesantes débense ao mal funcionamento de colectores domésticos nesa parroquia.

Problemas coas depuradoras actuais causan esporadicamente contaminación da ría —principalmente en Arealonga, Chapela e pola saída da depuradora da Xunqueira, Redondela—. En ambos os casos a solución é coñecida e existen proxectos para a súa implantación.

### 4.3.3 Enerxía

En Redondela non existe ningunha instalación de produción enerxética, e, polo tanto, o debate sobre a construción de parques eólicos e mini-centrais hidroeléctricas, polémica no contexto do desenvolvemento sustentábel, cae fóra do remite desta Axenda 21.

Datos sobre o consumo de enerxía non existen para Redondela, pero en Galicia subiron dramaticamente nos últimos anos. O consumo doméstico é relativamente baixo comparado co consumo en transporte e industria: isto indica que, aínda que campañas sobre eficiencia doméstica son importantes, quizais a prioridade é traballar para mellorar eficiencia e reducir consumo nesas dúas áreas.



#### 4.3.4 Urbanismo e usos do solo

O desenvolvemento de Redondela durante a segunda parte do século XX caracterizábase por unha falta de planificación de urbanismo, e unha falta dunha perspectiva integrada na toma de decisións. É imposible cuantificar o efecto desa falta de planificación, pero os seguintes efectos son certos e recoñecidos pola maioría dos participantes nas entrevistas, as enquisas e as actividades:

- A falta de protección para espazos naturais causou unha gran deterioración de hábitats e ecosistemas naturais. Exemplos ben coñecidos inclúen o recheo da gran maioría da marisma, a canalización, con destrución do valor ecolóxico do río Alvedosa, construcións na ría que cambiaron o depósito de areas, etc., e existen centos doutros casos menos dramáticos. En xeral, o impacto ecolóxico foi máis grave nos ríos e na costa. Resulta que relativo á poboación do municipio, o urbanismo tivo un impacto no medio natural alto.
- A falta de provisión de novos espazos verdes como parte do crecemento da vila significa que esa deterioración non tivo case ningunha compensación ecolóxica ou paisaxística.
- Malia que Redondela aínda posúe unha zona vella importante, perdéronse algúns elementos importantes do patrimonio arquitectónico e moitos quéixanse de que a zona vella se sente ‘encerrada’ por grandes edificios novos. Moitos din que as zonas urbanas de Redondela e Chapela son ‘máis feas que antes’.
- A falta de provisión adecuada para industria e outras empresas, e en concreto de un parque empresarial, significa que a industria presente ten un impacto ambiental e na calidade de vida dos redondeláns moi alto relativo á cantidade e natureza de industria presente.
- A falta de provisión para transporte público, bicis e peóns creou unha cultura de dependencia do coche. Isto crea contaminación atmosférica e de ruído, e tamén, grazas a atascos e problemas de aparcamento, moita inconveniencia tanto para condutores como para peóns. Todos estes efectos teñen o seu impacto na calidade de vida dos redondeláns.

Aínda que existen diferenzas de opinión sobre a gravidade deses impactos e sobre que natureza debería tomar o urbanismo no futuro, a prediagnose mostraba un acordo practicamente unánime entre redondeláns de que para un desenvolvemento sustentábel o urbanismo do futuro ten que ser planificado desde un punto de vista máis holístico e ten que seguir una política clara.

Un Plan Xeral de Ordenación Municipal é unha ferramenta imprescindible para iso, pero outra preocupación clara de moitos era sobre a súa efectividade. Só servirá se está implantado cun control estrito, e se calquera infracción recibe un castigo significativo.

A natureza do PXOM é unha cuestión política, pero consta reiterar que é unha parte fundamental do desenvolvemento sustentábel, e que o desenvolvemento sustentábel esixe a consideración non só de necesidades económicas senón tamén ambientais e





socioculturais, e nese último caso non só dos que teñen poder económico senón de todos os cidadáns.

#### **4.3.5 Terreo agrícola**

Sobre o 35% da superficie do concello é aproveitable para uso agrícola. A importancia tradicional da agricultura, de escala pequena, e case sempre por unidades familiares e para consumo local, mantivo esta parte do concello nun mosaico de terreos pequenos, principalmente de labranza pero tamén cunha distribución importante de viñas, froiteiras e prados. Este mosaico xa é unha parte intrínseca da paisaxe de Redondela (e as Rías Baixas en xeral), permite unha biodiversidade relativamente alta para terreo agrícola e tivo un papel esencial en manter o sentido de rural, de verde e de tranquilidade tan valorado pola maioría dos participantes na prediagnose.

Cambios socioculturais e económicos poñen en dúbida a súa continuidade no futuro da mesma forma. Menos do 1% dos redondeláns poñen a agricultura como a súa actividade económica primaria. Aínda que a participación como actividade secundaria é moito máis alta, os terreos adoitan ser traballados por persoas maiores; por razóns de tempo, interese ou cambio de domicilio, a maioría dos mozos das familias con leiras xa participan no seu mantemento, como moito, esporadicamente. Nestes momentos é difícil identificar quen vai facer a maioría dese traballo dentro de 20 ou 30 anos.

#### **4.3.6 Montes**

A prediagnose avaliaba os montes e ríos como unha gran fortaleza natural para Redondela, pero un que se atopa nun estado de deterioración. Nas enquisas, o 50% dos participantes identificaban a natureza/biodiversidade como a función máis importante dos montes, comparado con só o 16% que votaban para industria forestal.

Mentres que é importante recoñecer que as enquisas foron abertas ao público, non só aos donos ou ás comunidades de montes (máis do 60% están en man común), o 56% dos participantes nas enquisas vivían en parroquias, e a maioría deles serían membros dunha comunidade de montes.

Este dato é importante porque vai absolutamente en contra da actual xestión dos montes: das 2.500 ha aproximadamente de terreo arborado no municipio (sobre o 50% do territorio), non existe ningunha extensión significativa de especies autóctonas, menos nas marxes dalgúns ríos e exemplares máis ben ocasionais dentro das grandes extensións de piñeiro e eucalipto.

A deterioración ecolóxica non só se limita á falta de especies autóctonas. Moitas das áreas produtivas tradicionalmente recibiron xestión esporadicamente e sen planificación, e case nunca xestión con fins ecolóxicos. O aumento en risco de incendios é quizais o impacto máis dramático desta falta de xestión (houbo 568 incendios forestais no municipio na década 1993–2002). Non obstante, non é o único: das prácticas forestais deseñadas para manter a biodiversidade dentro de explotacións de produción forestal, xa aceptadas e adoptadas como norma noutras partes de Europa, hai moi pouca evidencia. Estas inclúen, por exemplo, xestión de pistas e devasas para manter ecotonos; permitir madurar e completar o ciclo vital a unha proporción pequena de árbores para beneficiar invertebrados; mantemento de corredores ecolóxicos etc.



Nos últimos anos algunhas comunidades de montes adoptaron plans de ordenación (dos 1.550 ha en man común, cobren 800 ha), e nos próximos 3 anos van cubrir todo. Este cambio, sen dúbida, axudará a certos elementos do problema de mal xestión, pero os plans de ordenación non cambian o enfoque en produción de madeira, e adoitan facer poucas concesións para a biodiversidade.

Finalmente, consta dicir que o debate sobre a actual xestión de montes no contexto do desenvolvemento sustentábel non só se limita a factores ecolóxicos. Mesmo dende o punto de vista puramente económico, hai que cuestionar se a grande extensión de eucaliptos (e plantacións monocultivos de especies alóctonas en xeral) ten sentido, dada a seria baixada no seu prezo nos últimos anos, e dado o potencial que montes máis diversos e de máis interese natural ofrecerían para o turismo e o recreo.

#### **4.3.7 Ríos**

Aínda que se dispón de poucos datos sobre niveis de contaminación de ríos, o concello recibe denuncias, máis ou menos diarias, sobre vertidos e nunha minoría significativa de redondeláns parece que aínda dura a mentalidade de que os ríos serven para verter lixo, porque o levan por outro lado. Ademais de infraccións por particulares, pequenas empresas son as principais culpables; outro factor que sería máis doado de controlar se estivesen situadas dentro dun parque empresarial.

Nas enquisas e as actividades, a maioría de participantes opinaban que os ríos eran o elemento do patrimonio natural que se atopaba máis deteriorado de todos, principalmente pola cantidade de vertidos e contaminantes. Os ríos forman o elemento do patrimonio natural que quizais sufriu máis co urbanismo, e a canalización e a falta total de vexetación no último quilómetro do río Alvedosa son bo exemplo diso.

#### **4.3.8 A costa e ría**

A maioría dos participantes na prediagnose poñían a costa no lugar de segundo máis deteriorado despois dos ríos, pero en primeiro lugar como prioridade para recuperación.

É importante diferenciar entre as diferentes formas de degradación que sofre a ría e a costa, porque son resultados de actividades moi diversas:

### **Urbanismo**

O urbanismo tivo un impacto enorme na costa. O recheo da gran parte da marisma de Santa Mariña para crear solo urbano case destruíu un dos hábitats máis diversos e ecoloxicamente ricos da ría (dicir iso non é negar a tremenda importancia dese terreo para Redondela hoxe en día sendo a implantación de centros de ensino de primaria e secundaria, servizos de saúde e policía, e instalacións deportivas). Nas últimas décadas non levou a cabo ningún outro proxecto de tal escala, pero pequenos recheos e modificacións das marxes seguen pasando, de forma legal e ilegal, coa resultante destrución directa de hábitats.



É importante recoñecer que o urbanismo tamén ten outros impactos potencialmente bastante máis severos que a destrución directa de hábitats. O funcionamento ecolóxico da ría, a distribución de ecosistemas como areas ou as praderías acuáticas de fanerógamas mariñas e, consecuentemente, o seu valor para pesca, marisqueo e mesmo turismo, depende en gran medida do movemento horizontal e vertical das correntes. Modificacións das marxes da ría, e sobre todo a construción do peirao e outras instalacións dentro da ría, inflúen estas correntes e corren o risco de cambiar a distribución de augas, nutrientes, areas e outros sedimentos.

A dramática perda de areas da praia de Cesantes, e a falta de rexeneración natural da Punta (ata o inicio do seu proxecto de recuperación en 2004) indica que isto xa está pasando en partes da ría. Non se dispón de ningún estudo detallado sobre os efectos destas modificacións na ría de Vigo, e debido á complexidade do funcionamento da ría faría falta estudalo durante moitos anos para chegar a conclusións seguros.

Non obstante, a importancia ecolóxica e económica do complexo ecolóxico da enseada de San Simón (declarado como zona de especial protección de valores naturais e proposto para formar parte da Rede Natural 2000) fai a súa conservación e xestión apropiada un prerequisite para o desenvolvemento sustentábel, e esixe moitísimo coidado ao permitir futuras intervencións na ría mesma.

O caso do proxecto de construír unha cementeira en Rande mostra que seguen existindo fortes presións principalmente económicas, para seguir modificando as marxes da ría e polo tanto os seus hábitats e funcionamento. O rexeitamento dese proxecto en 2004 mostraba a maior importancia dada a temas ambientais hoxe en día, e é interesante notar que na prediagnose todos os comentarios recibidos sobre a cementeira apoiaron a decisión do concello de non lle dar permiso.

## Contaminación

Comentarios sobre contaminación e sucidade xeral da costa eran comúns, pero hai que recoñecer dous aspectos distintos. Por unha parte, moitos querían ver unha limpeza das algas das praias máis frecuente, e de todo o ano en vez de solo en verán. Polo disfrute das praias e o seu valor turístico, é un factor relevante, pero hai que recoñecer que a deposición de algas nas praias despois das mareas altas é un proceso natural; o efecto ecolóxico que ten, aínda que pouco, se considera positivo (crea hábitat para invertebrados).

Pero tamén existen outros tipos de contaminación. Mesturados coas algas sempre hai cantidades variables de plásticos e outras verteduras inorgánicas. Ademais do impacto ecolóxico que poden ter algúns destes (aceites e químicos en concreto), danlles un aspecto sucio ás praias e poden presentar certo perigo para os bañistas. A cantidade de lixo doméstico e industrial vertido na ría reflicte o mesmo problema que o dos ríos. Ademais de castigos máis fortes para infraccións, a solución a longo prazo pide un cambio de mentalidade entre algúns redondeláns, e, polo tanto, campañas de sensibilización.

A falta de saneamento conectado á rede en gran parte de Cesantes, e problemas coas depuradoras actuais causan esporadicamente contaminación orgánica da ría. Os sitios



máis notables, e que saían como máis problemáticos nas consultas, eran na enseada preto da Punta de Cesantes; na praia de Arealonga–Chapela (debido a residuos orgánicos saíndo no río canalizado) e pola saída da depuradora da Xunqueira–Redondela (despois de fortes chuvias debido á falta de separación de augas pluviais co resto da rede de sumidoiros).

## **Sustentabilidade de pesca e marisqueo**

Preocupacións sobre a degradación de ecosistemas mariños debido á sobrepesca apenas xurdiron na prediagnose. Isto quizais sorprende dado a gravidade da situación mundial e á importancia da pesca para Galicia en xeral, e como problema ambiental ten, sen dúbida, un perfil máis baixo que noutros países europeos.

A importancia económica da pesca e o marisqueo para Redondela, ademais de responsabilidade ecolóxica, pide un aproveitamento ordenado e sustentábel dos recursos da ría e de alto mar. Se a falta de comentarios sobre iso, na prediagnose, mostra unha xeral falta de recoñecemento disto, indica unha clara necesidade para campañas de sensibilización e proxectos de educación ambiental sobre o tema.

Debido, principalmente, á súa complexidade e á súa lexislación no ámbito administrativo superior do concello, a sustentabilidade da pesca, as cotas e vedas non formaron parte do estudo da diagnose.

Non obstante non se poden resumir os temas relevantes a Axenda 21 e sustentabilidade na xestión da ría sen darlle mención, e a súa consideración na formación dun plan integrado de xestión é imprescindible.

## **Xestión integrada**

O público estaba dividido entre darlle prioridade na xestión da ría á súa función para natureza/biodiversidade, turismo/recreo ou pesca/marisqueo. Consta dicir que a ría é fundamental en case todos os aspectos da vida en Redondela e na identidade dos redondeláns.

É esencial para o desenvolvemento económico do concello —para o porto, para a pesca de baixura e o marisqueo, e para as posibilidades para turismo—. Como aspecto da paisaxe valorada máis que ningún outro e como zona de baño e recreo ao lado das zonas urbanas, ten un impacto tremendo na calidade de vida dos redondeláns. Como elemento natural é a parte do municipio con máis diversidade e importancia ecolóxica. Ningunha desas funcións son independentes, e os cambios nun sempre afectaran os outros.

Como exemplo, a punta e a praia de Cesantes son boa mostra desta interdependencia. Como antigo sistema de dunas tiña valor ecolóxico como ecosistema de areal. A súa posición na enseada, e en fronte da illa de San Simón, dálle unha función importante como protección das praderías acuáticas de fanerógamas marítimas. Co aproveitamento da area das súas dunas para a construción empezou a degradación do seu valor ecolóxico como areal. Durante décadas, o seu desenvolvemento como zona de recreo e baño aumentou a súa degradación: a construción do paseo marítimo illouno doutros ecosistemas terrestres; o sistema de limpeza adoptado creaba regueiros que provocaban



a erosión do areal, e a forte presión humana, sobre todo de coches, eliminaba moitas das plantas de interese. Ao mesmo tempo que todo isto, efectuouse un cambio no depósito de areas na ría, posiblemente debido á construción do peirao ou doutras instalacións como parte do proceso de urbanización: a rexeneración natural de areas parece parar e, como consecuencia, a vulnerabilidade para os efectos de erosión e degradación é moito maior.

Como consecuencia deste desenvolvemento non integrado, a punta atópase moi degradada —ecoloxicamente, pero tamén de menor valor como destino de praia e baño—. A maioría dos redondeláns consultados xa desprezaban a punta, e foi o aspecto do ámbito natural o que recibiu máis comentarios reclamando a súa degradación e pedindo a súa recuperación. O concello iniciou un proxecto de recuperación en 2004 pero, a pesar de ter apoio xeral, algúns dos seus impactos (como cortar o acceso a coches) crean inconveniencias e non foron populares con todos. Por iso, e polos outros conflitos de interese, a importancia de sensibilización e participación en proxectos desta natureza é fundamental.

Conclúese que para cada un dos piares do desenvolvemento sustentábel, a implantación dunha xestión coordinada, integrada e balanceada da ría é esencial. Iso esixe a integración de prioridades diferentes e potencialmente conflitivas cunha política clara e consistente, e tamén esixe a colaboración no ámbito da mancomunidade ademais de entre sectores.



## 5. PRIORIDADES E ÁREAS TEMÁTICAS

Este informe ofrece un resumo das conclusións da auditoría, no contexto do desenvolvemento sustentábel para o Concello de Redondela. A seguinte fase do proceso de implantar a Axenda 21 é formar un plan de acción municipal, baseado nas prioridades e os retos identificados na auditoría.

Para poder responder a estes retos, propóñense oito *áreas temáticas* para a Axenda 21 en Redondela. Para cada área temática crearase un '*grupo de acción*' que durante o curso dun ano utilizará esta auditoría para informar a produción dun **plan de acción**. Cada grupo de acción coordinada polo concello e a empresa asesora, consistirá en representantes de todos os grupos e axencias relevantes para a área temática en cuestión, e incluírán representantes dos sectores públicos, privados e voluntarios, ademais do público xeral, segundo o apropiado. Os seus obxectivos serán en cada área temática:

- identificar obxectivos de longo e curto prazo.
- identificar unha serie de proxectos concretos, con estratexias de financiamento.
- identificar unha serie de indicadores, para informar o Plan de Seguimento.

As áreas temáticas propostas son as seguintes:

1. **Xestión de espazos naturais.**
2. **Transporte e tráfico.**
3. **Urbanismo e vivenda.**
4. **Turismo sustentábel.**
5. **Infraestrutura industrial.**
6. **Emprego e formación.**
7. **Participación e inclusión social.**
8. **Sensibilización e educación ambiental.**